


QUEBRACABEZAS TEMÁTICO



PRIMEIRO PASO:

BUSCAR E FOTOGRAFAR OS SEGUINTES OBXECTOS:

- 1 SALA DE OFICIOS. Coa madeira podemos facer desde zapatos ata medios de transporte. Que medio de transporte vedes na sala?
- 2 SALA DO CAMPO. Para estercar o campo podemos utilizar moitos tipos de estrume.. Encontra a padiola (un utensilio que se leva entre dúas persoas) e fíxate no que carga, que é?
- 3 SALA DE CESTARÍA. Parece un cesto pero é unha trampa. Cal é?
- 4 SALA DE INDUMENTARIA. Encontra, nesta sala, un traballo feminino. Repara no texto: onde se facía principalmente?
- 5 SALA DE MÚSICA. Procura un instrumento de percusión cuxo son prodúcese ao fregar unha cara contra a outra.
- 6 SALA DE SOCIEDADE. A sociedade galega veuse obrigada a irse na procura de traballo. Encontra o cartel coas ofertas de saída.
- 7 SALA DE SOCIEDADE. Busca unha das festas máis populares cuxa procesión non se fai por terra.
- 8 SALA DE ARQUITECTURA. Para que a arquitectura nos protexa da choiva podemos facer, entre outras construcións, arcos. Encontra a imaxe onde se ven e fíxate ben: En que zona de Galicia se constrúen?


SEGUNDO PASO:

BUSCADE A SAÍDA E AGARDADE POLO PROFESORADO.
MENTRES AGARDADES...



TERCEIRO PASO:

CONECTADE TODAS AS PISTAS ATOPADAS...
CAL É O TEMA QUE TEÑEN EN COMÚN?



**Museo do
Pobo Galego**